



Luís García Fernández, Director do Centro de Promoción Rural-EFA Fonteboa (Coristanco, A Coruña)

A formación profesional ao servizo do desenvolvemento rural

► NAS ÁREAS RURAIS NON VALERÍA PARA GRAN COUSA DESEÑAR FORMACIÓNS QUE POUCO TEÑEN QUE VER COA REALIDADE ECONÓMICA DA ZONA

A formación profesional, e dentro desta a FP Agraria, foi a cincenta do sistema educativo; goza de maior recoñecemento social o bacharelato e non é infrecuente que cara a esa opción se orienten estudantes cuns expedientes de ESO mediocres que se atascan nos estudos, abandonan ou reorientan o seu itinerario académico perdendo un tempo moi valioso na súa traxectoria formativa. Esta situación dáse con frecuencia no sector agrario; salvo honrosas excepcións, imos probar co bacharelato e, se as cousas non pintan ben, sempre nos quedará a granxa familiar onde un se pode integrar obviando as necesidades de formación para administrar a empresa. E así nos vai.

Contrasta a nosa situación co que vemos nos países da nosa contorna (véxanse casos de Francia e Irlanda, por exemplo). É o propio sector o que pon as esixencias de formación para acceder á titularidade das granxas,

pois é moito o que hai en xogo: importantes investimentos, subvencións e esixencias de todo tipo derivadas das directrices da PAC e do contexto económico mundial. Hai que ter en conta todo iso para actuar con coñecemento de causa e tomar decisións se non de todo acertadas, pois a toma de calquera decisión sempre entraña certo risco, polo menos coherentes.

Se o mundo educativo é complexo, a formación profesional éo máis, pois non vale quedar nuns modelos de formación anquilosados, á marxe da evolución do espazo produtivo; está ben e é necesario capacitar en determinadas competencias de tipo técnico, pero hai outras que transcenden o ámbito produtivo e que se sitúan no marco da xestión de empresa. E para isto fan falta tempo e modelos de formación abertos nos que teña cabida a adquisición de competencias e habilidades que precisan os profesionais do mundo rural do século XXI.



► O MODELO CONVENCIONAL SERÁ VIABLE SE SE XESTIONA BEN E SE INTRODUCEN AS DEMANDAS QUE RECLAMA A SUSTENTABILIDADE NON SÓ ECONÓMICA SENÓN TAMÉN AMBIENTAL

Pensar en global, actuar no local

Nas áreas rurais non valería para gran cousa deseñar formacións que pouco teñen que ver coa realidade económica da zona, por moi de moda que estean esas formacións. No mellor dos casos estaríamos a investir en formación de mozos que talvez estivesen moi ben preparados pero con moi poucas posibilidades de inserción profesional no seu territorio. Estaríaselles formando para marchar e así non se contribúe á inserción profesional e á dinamización do rural; o despoboamento neste medio seguirá sendo un tema recorrente e un problema endémico.

O problema demográfico pódese atenuar se hai actividade económica, pois a poboación, é evidente, vive, principalmente, onde se pode gañar o pan e onde hai benestar. Por iso é tan importante que no medio rural se consoliden empresas agroalimentarias que xeren emprego e calidade ambiental para o territorio. As posibilidades son variadas, pensar só en clave láctea intensiva sería un erro; hai outros modelos alternativos e posibilidades de diversificación, de valorización dos produtos e de innovación nos sistemas de comercialización.

Diferentes modelos produtivos

É gratificante atopar noutras rexións modelos de agricultura urbana ou periurbana. Nos arredores das cidades establécense iniciativas de produción que aproveitan a proximidade do mercado para ofrecer os seus produtos de calidade contrastada, creando unha relación emotiva e de confianza entre produtores e consumidores. É evidente que boa parte do futuro da agricultura pasa polas aglomeracións urbanas.

O modelo convencional será viable se se xestiona ben e se introducen as demandas que reclama a sustentabilidade non só económica senón tamén ambiental.

Por último, tamén hai campo para as producións singulares que acumulan saberes e sabores aquilatados polos anos, xestionados con medios e técnicas modernas para gañar en eficiencia e atender as demandas dos consumidores.

Innovar en metodoloxías

Se a oferta de formación profesional está enraizada nos recursos da zona, estará a prestar un bo servizo ao desenvolvemento local e á sustentabilidade do territorio. Non obstante, a oferta dos ciclos formativos non é suficiente; precísase tamén innovar nas metodoloxías (formación dual, formación en alternancia etc.) para aproveitar o enorme potencial formativo dos profesionais e establecer un fluxo de relacións entre a escola e a empresa, co que gañarían uns e outros. Nos Centros de Promoción Rural-EFA de Galicia trabállase nesta liña desde hai catro décadas e cuns resultados de inserción profesional satisfactorios.

A pesar das innovacións que chega a normativa relativa á formación profesional, seguimos a ter un sistema demasiado ríxido. Unha vía de innovación e mellora sería a potenciación da autonomía dos centros e a avaliación dos resultados. ■